

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cruz González, M^a Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Ferro Soto, Carlos Antonio
García Cutrín, Francisco Javier
Garrote Velasco, Gil
Lantarón Caeiro, Eva María
Montero Reguera, José Francisco
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Reboreda Morillo, Susana

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Porteiro Fresco, Jacobo
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

ESTUDANTES

Carro Parafita, Pedro Manuel
Ramos Vázquez, Antonio Manuel
Vázquez Alonso, Aroa

PAS

Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Pérez Gómez, Luis

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Fernández Suárez, Emilio Manuel
González Santamaría, Pedro
Lavilla Beltrán, Isela
Ríos Santomé, M^a José
Souto García, Raquel
Torres Outón, Sara M^a

INVITADO

García García, Óscar

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 03 de xuño de 2021, convocada para ás 10:00 h. en primeira convocatoria e ás 10:30 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:30 do día 03 de xuño de 2021 comeza a sesión, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de goberno asisten presencialmente no Paraninfo, xunto cos membros do órgano que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse on line, sen que consten particulares incidencias. Permítese asistir virtualmente, sen voz e sen voto, mediante un sistema de streaming con contrasinal por UVigo TV. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*
- *Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*
- *Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*
- *Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

Punto único: toma en consideración do recurso potestativo de reposición presentado polo decano da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte contra o acordo do Consello de Goberno de data 29 de abril de 2021, de aprobación das declaracións de interese de verificación/modificación de títulos de grao, máster e doutoramento.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen expón a cuestión do seguinte xeito:

Segundo a D.A. 1ª.1º dos Estatutos da Universidade de Vigo “as resolucións do reitor ou reitora e os acordos do Consello Social, **do Consello de Goberno** e do Claustro Universitario esgotan a vía administrativa e serán impugnables directamente ante os tribunais de xustiza de acordo coa lexislación vixente”.

O anterior non impide que se poida presentar en vía administrativa un recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou o acordo que se pretenda impugnar, como acontece no presente caso.

A presente sesión do Consello de Goberno, como órgano competente para resolver, convócase de xeito extraordinario e urgente, dado que, segundo o artigo 124.2º da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), “el plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes”, o que conclúe o vindeiro luns 7 de xuño.

Non obstante, antes de poder entrar no fondo do dito recurso, o artigo 112.1º LPACAP sinala que, contra os actos de trámite non cualificados, non cabe recurso ata que recaea a resolución que pon fin ao procedemento.

Segundo o informe da nosa Asesoría Xurídica, que foi achegado coa documentación, o acordo de admisión das declaracións de interese consiste nun acto de trámite, non cualificado, no marco dun procedemento complexo, polo que se propón, dado o exposto, non admitir a trámite o recurso.

O recorrente solicita, asemade, a suspensión da execución do acordo, pero, segundo o artigo 117.1º LPACAP, a suspensión da execución é excepcional, sendo a regra a non suspensión da execución.

Por outra banda, precisamente, ao tratarse dun procedemento composto por diferentes actos de trámite, a non suspensión permitirá desenvolver o acto administrativo ata a súa conclusión, que será cando se poida presentar o correspondente recurso, como foi dito.

Para a dita resolución contarase previsiblemente cun informe externo que xa foi encargado.

En resumo, consonte todo o exposto, proponse ao Consello de Goberno, inadmitir a trámite o recurso presentado e rexeitar a suspensión da execución solicitada.

Óscar García García, que presentou o recurso e foi invitado á sesión, explica por que presentou o recurso e reitera os seus comentarios contra a aceptación do título que xa foron reflectidos na anterior sesión, e que se refiren a que a declaración de interese recolle deficientemente as competencias establecidas na regulación respecto da titulación solicitada. Fai referencia asemade ao proxecto de lei de regulación de actividades deportivas, da que espera unha solución a este



asunto. Entende que prexudica á Universidade de Vigo a aprobación do dito título tal e como foi presentado. Alude a unha sentenza do TSJ de Madrid que desestima a demanda presentada polo colexio de fisioterapeutas e comenta brevemente algúns argumentos que entende favorecen a súa postura (en concreto, no punto décimo da mesma). Insiste na inseguridade xurídica que xera esta situación cara ao futuro alumnado e que cada centro debe desenvolver as súas titulacións no marco das súas competencias.

O reitor agradece o ton empregado por Óscar García e lembra que o recurso poderá presentarse mais adiante. Lembra que se tentou a mediación, pero que rematou sen éxito e que se pediu un informe a unha persoa experta que está pendente e que se resolverá pronto. Entre tanto, agarda que se poida chegar a un acordo.

Eva Lantarón, decana da Facultade de Fisioterapia, alude asemade á sentenza do TSJ de Madrid, pero entende que se trata de recomendacións e que non apoia os argumentos expostos por Óscar García e indica outros argumentos que entende favorecen a súa postura, sobre o concepto do exercicio terapéutico.

O reitor agradece a intervención e propón inadmitir a trámite o recurso e rexeitar a suspensión.

Apróbase por asentimento.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:52 h do día 03 de xuño de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral